

## INFORMACIÓN DE INTERESE XERAL. PREGAMOS LEA CON ATENCIÓN

- Cubrir unha ficha de inscrición para cada neno/a indicando nela as actividade/s na/s que quere participar. NINGÚN ALUMNO PODERÁ PARTICIPAR NAS ESCOLAS MUNICIPAIS SEN INSCRICIÓN PREVIA.
- Documentación que se debe achegar xunto coa ficha de inscrición:
  - Fotocopia do libro de familia. De ser o caso, título de familia numerosa.
  - Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/a que realiza a inscrición.
- ENTREGA DAS INSCRICIÓN: ata o 1 de outubro no Pazo Emilia Pardo Bazán ou nos centros escolares.  
A inscrición de **NATAción** FARASE A PARTIR DO 1 DE OUTUBRO E SO SE PODERÁ ENTREGAR NA PISCINA MUNICIPAL. A adxudicación de prazas é por rigorosa orde de inscrición.
- A inscrición poderá facerse durante todo o ano sempre que haxa prazas dispoñibles
- **As actividades comenzarán a semana do 15 de outubro e rematarán a semana do 27 de maio.** As clases impartiranse segundo o calendario escolar.  
A estes efectos o 2 de novembro de 2018 e o 16 de maio de 2019 non serán lectivos.
- Os casos de problemas legais de tutela ou doutro tipo que afecten á relación materno/paterno/filial deberán comunicarse e acreditarse a través do documento legal pertinente.
- Nin o Concello de Sanxenxo nin o profesorado das Escolas se fan responsables do coidado do alumnado fóra do seu horario de actividade.
- No caso de producirse algún accidente durante a actividade AASISTENCIA SANITARIA CORRERÁ A CARGO DO SEGURO DO PAI/NAI/TITOR/A DO ALUMNO/A.
- Os pagos das cotas mensuais correspondentes EFECTUARANSE A TRAVÉS DE DOMICILIACIÓN BANCARIA. Os alumnos/as que non acheguen os datos correspondentes a domiciliación bancaria NON SE CONSIDERARÁN INSCRITOS.
- Descontos nas cotas de inscrición e mensualidades:
  - Exentas de pago as familias numerosas de categoría especial.
  - Desconto do 50 % para as familias numerosas de categoría xeral.
  - As familias con dous fillos inscritos aplicaráselles un desconto do 25% a cada un deles nas cotas mensuais.
- As actividades das escolas deportivas non teñen finalidade competitiva.  
Algúns clubs poderán facer equipos de competición federada sempre que a familia do alumno/a así o autorice.

### MÁIS INFORMACIÓN:

Pazo Emilia Pardo Bazán, Telf: 986 727 936

Trav. Miraflores, 3 – 36960 Sanxenxo

educacion@sanxenxo.org / deportes@sanxenxo.org

## EDUCACIÓN INFANTIL

# ESCOLAS MUNICIPAIS



CONCELLO DE  
**SAN  
XEN  
XO**



## ARTE INFANTIL



<b>Sábado</b>	<b>5 anos:</b> 10.30 - 12.00 h.
<b>Pazo Emilia Pardo Bazán</b>	<b>3 e 4 anos:</b> 12.00 - 13.30 h.

Achegamento ao mundo das artes plásticas a través de distintos autores e movementos artísticos para promover o desenvolvemento creativo, intelectual e emocional.

CONTIDOS:

“Mundoxogo”: Coas cores e as súas combinacións, formas e figuras xeométricas...

“Mundoartístico”: Para coñecer, apreciar e traballar distintos autores e as súas obras.

“Mundocreativo”: Para dar renda solta á creatividade.

MENSUALIDADE: 8 €.

Todos/as inscitos/as deberán presentarse o primeiro día da actividade.

## LUDOTECA ITINERANTE

Os nenos e nenas aprenden xogando, nun espazo de descubremento onde poden explorar, experimentar e crear a través das actividades propostas:

LUDOARTE: engloba todo o relacionado coa expresión artística (contacontos, música, arte, obradoiros, baile, psicomotricidade fina...)

LUDOEDUCA: xogos e actividades didácticas, dinámicas e divertidas relacionadas coa educación viaria, en valores, igualdade, tolerancia, medio ambiente, saúde, palabras en inglés, os números, as letras...

LUDOMOVEMENTO: actividades de iniciación ao deporte onde traballaremos os xogos en equipo e individuais (deporte: fútbol, baloncesto, tenis, brilé..), psicomotricidade grossa (o equilibrio, a coordinación...)

MENSUALIDADE: 8 €.

Todos/as inscitos/as deberán presentarse o primeiro día da actividade.

	CENTRO	HORARIO
LUNS	CEIP A FLORIDA	16.00 - 17.30 h.
	COLEXIO ABRENTE	16.45 - 18.15 h.
MARTES	CEIP TELLEIRO	16.00 - 17.30 h.
	CEIP NANTES	16.15 - 17.45 h.
	EEI AIOS	16.00 - 17.30 h.
MÉRCORES	CEIP PORTONOVO	4 / 5 anos: 16.00 - 17.30 h.
		3 anos: 17.30 - 19.00 h.
XOVES	CEIP CRUCEIRO	16.00 - 17.30 h.
	CEIP MAGALÁNS	16.00 - 17.30 h.

## ESCOLAS DEPORTIVAS

### ■ PSICOMOTRICIDADE. Club Kido Sport Sanxenxo. A Cachada 6A - Nantes Luns e mércores de 16:15 ás 17:15 h.

Os nenos e nenas traballan as habilidades motrices, expresivas e creativas co seu propio corpo, centrando a actividade no movemento.

Acudir sempre con roupa e calzado deportivo.

Mensualidade: 7 €

### ■ FÚTBOL SALA. Pavillón de Baltar Para alumnado de 3º curso de Educación Infantil (5 anos).

Martes e xoves de 16.00 ás 17.30 h.

Os nenos e nenas toman contacto cos deportes colectivos e adquiren as habilidades básicas de xogo co balón, equilibrio e outros elementos para buscar o desenvolvemento en etapas posteriores.

Mensualidade: 7 €

### ■ NATACIÓN. Piscina Municipal Para alumnado de 3º curso de Educación Infantil (5 anos).

1 sesión semanal de 40 min.

Os nenos e nenas toman contacto co medio acuático e adquiren as habilidades básicas de adaptación ao auga; flotación, equilibrio e outros elementos para buscar o desenvolvemento en etapas posteriores.

Horarios e inscrición na Piscina Municipal dende o 1 de outubro. A adxudicación de prazas é por rigurosa orde de inscrición.

Mensualidade: 11,50 €

### ■ XOGOS. AX Saraiba do Mar. Pavillón de Baltar Para alumnado de Educación Infantil.

Luns e xoves de 17.30 a 19.00 h.

Todos os beneficios da actividade física cara a ter unha condición física saudable dun modo lúdico e divertido a través do xogo.

Acudir sempre con roupa e calzado deportivo.

Mensualidade: 7 €

